

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DIA VINTE E CATRO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL QUINCE.

No salón de sesións da casa do concello, sendo as dezanove horas, do día vinte e catro de novembro de dous mil quince, reúnense os membros da Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do señor alcalde, don Dario A. Piñeiro López, para realizar sesión ordinaria, coa seguinte asistencia, don Pablo Rivera Capón e dona Begoña López Magdalena.

Actúa como secretaria, Mónica Vázquez Fandiño.

Aberto o acto pola presidencia procede a tratarse a seguinte

ORDE DO DÍA

1º.-Lectura e aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión celebrada o día seis de novembro de dous mil quince.

Polo señor Alcalde – presidente pregúntase aos membros da xunta de goberno local se teñen algunha alegación que facer en relación coa redacción da acta da sesión epigrafiada, non producíndose ningunha a acta é aprobadas por unanimidade.

2º.-Licenzas de obras.

2.1.-Solicitud de D^a Rocio González Arias, para clínica de fisioterapia, en Benigno Quiroga N^o 71 Baixo, Pobra de San Xiao.

Con data 8 de outubro de 2015, presenta proxecto técnico redactado polo enxeñeiro industrial D. César Seco Novo, visado polo Colexio oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia o 06-10-2015.

Con data 19 de novembro de 2015 presenta anexo ó proxecto redactado polo técnico autor do proxecto inicial, visado polo respectivo colexio profesional electrónicamente número 20153186.

Instruído o expediente de autorización das obras do proxecto e anexo, e visto o informado no expediente pola señora Arquitecta Asesora Municipal, do seguinte teor literal:

“Ref^a .-Expediente de licenza municipal de obras e apertura dunha clínica de fisioterapia na Avda. Benigno Quiroga 71, baixo en Pobra de San Xiao, segundo proxecto e anexo redactado polo enxeñeiro César Seco Novo e que promove dona Rocio González Arias.

Mercedes Maseda Martínez, arquitecta e arquitecta técnica, en calidade de técnico municipal e en relación o asunto de ferencia, INFORMO,

1º.- Que se proxecta a apertura dunha clínica de fisioterapia na planta baixa dun edificio emprazado en terreos clasificados coo solo urbano ordenanza Residencial Intensiva segundo establece o PXOM vixente. O artigo 34.4 das Normas Urbanísticas do PXOM contempla entre outros como usos permitidos os sanitarios e asistenciais (equipamento tipo a) en edificio de uso compartido).

2º.- A intervención proposta non supón incremento de edificabilidade nin do volumen existente. As obras cinguiranse ás de acondicionamento e reforma interior.

3º.- No Proxecto acredítase o cumprimento do CTE-DBSI, CTE-DBSUA e CTE-DBHS, en materia de accesibilidade proxéctase a instalación dunha rampa removible que ocupa parcialmente a beirarrúa mantendo un ancho libre de 1,50 ms. A rampa deberá ser retirada fora do horario de apertura e cando cese a actividade.

4º.- A actividade que se pretende non se atopa incluída no Anexo (Catálogo de actividades sometidas a incidencia ambiental) da Lei 9/2013, do emprendemento e competitividade económica de Galicia polo que non se atopa sometida a avaliación de incidencia ambiental.

É polo que se informa favorablemente”

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Conceder, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a D^a. Rocío González Arias, licenza urbanística para a execución das obras de acondicionamento de local de planta baixa para clínica de fisioterapia, con suxeición ás prescricións impostas no informe técnico antes tanscrito e consonte ás determinacións técnicas establecidas no proxecto técnico e anexo que xunta á solicitude.

Segundo.- As obras deberán rematar no prazo de tres meses. Unha vez transcorrido o dito período de tempo considerarase caducada a licenza.

Terceiro.- No caso de que sexa preciso empregar guindastre, a súa instalación adaptarase en todo momento á normativa de aplicación a estes aparellos elevadores, debendo solicitar deste Concello a preceptiva autorización con independencia das autorizacións sectoriais que correspondan, nomeadamente a da Consellería de Economía e Industria.

Cuarto.- Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras por un importe de **406,37 euros**.

Quinto.- Aprobar a liquidación da taxa por tramitación das licenzas urbanísticas por importe **65,54 euros**.

Sexto.- Unha vez finalizada a obra deberá, de conformidade co artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, presentar comunicación previa para o inicio da actividade así como a certificación final de obra, co fin de realizar a oportuna visita de comprobación para verificar que a realización das obras se axustaron á licenza concedida e ao proxecto presentado pola interesada.

3º.-Licenzas de primeira ocupación.

3.1.-Solicitude de D. Isidro Rodríguez Sánchez, para legalización de vivenda unifamiliar nº 36 (urbanización residencial “Playas de Valdriz”) Pobra de San Xiao, redactado polo arquitecto D. José María Alonso Montero, visado polo Colexio Oficial de Arquitecto de Galicia con data 14 de marzo de 2015.

Instruído o expediente de legalización de obras, e visto o informado no expediente pola señora Arquitecta Asesora Municipal, do seguinte teor literal:

“Ref^a .-Expediente de licenza de primeira ocupación a instancia de don Isidro Rodríguez Sánchez dunha vivenda unifamiliar sita na Urbanización Playas de Valdriz Nº 36 Puebla de San Julián –Láncara (Proyecto de legalización de vivenda unifamiliar redactado polo arquitecto José María Alonso Montero e visado polo COAG de 14/05/2015.

Mercedes Maseda Martínez, arquitecto e arquitecto técnica, en calidade de técnico municipal e en relación o asunto de referencia, INFORMO,

- Que efectuada visita de comprobación resulta que as obras atópanse rematadas axustándose a licenza concedida e as condicións urbanísticas da licenza, e que se observou o cumprimento do Decreto 27/2010, de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade das Vivendas en Galicia.

É polo que se informa favorable a licenza de primeira ocupación da devandita vivenda unifamiliar”.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Conceder licenza de primeira ocupación a don Isidro Rodríguez Sánchez, para a vivenda unifamiliar nº 36 (urbanización residencial “Playas de Valdriz”) Pobra de San Xiao.

Segundo.- Aprobar a liquidación por licenzas de primeira ocupación por importe de **250 euros**.

4º.-Licenza de segregación.

4.1.-Solicitud de Dª Pilar Núñez Ferreiro e D. José Núñez Ferreiro, para segregación da parcela 85, do polígono 3.

Con data 14 de setembro de 2015, foi presentado informe da Enxeñeira Técnico Forestal Dª Mónica López González

Instruído o expediente de segregación, e visto o informado no expediente pola señora Arquitecta Asesora Municipal, do seguinte teor literal:

“Refª .- Expediente de licenza municipal de segregación da parcela 85 do polígono 3 do Catastro de Rústica a instancia de don José Núñez Ferreiro e dona María del Pilar Núñez Ferreiro segundo informe técnico redactado pola enxeñeira técnica forestal Mónica López González.

Mercedes Maseda Martínez, arquitecta e arquitecta técnica, en calidade de técnico municipal e en relación ó asunto de referencia, INFORMO,

1º.- Que a parcela que se pretende segregar atópase clasificada como solo rústico de protección forestal segundo establece o PXOM vixente.

2º.- Que se pretende a segregación os efectos de partizón de herdanza entre os solicitantes en dous lotes de 18.424 m² e 17.013 m², de superficie. O artigo 206 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, prohíbe as divisións e parcelacións en solo rústico agás entre outras aquelas derivadas da partizón de herdanzas, sempre que se faga constar o compromiso expreso de non edificar nos lotes resultantes e non afecte a solos de especial protección agropecuaria, facendo consta expresamente no rexistro da propiedade a condición de inedificabilidade, debendo respetar en todo caso a unidade mínima de cultivo establecida pola lexislación agraria (3.000 m²).

É polo que se informa favorable”.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Autorizar a segregación ou parcelación da finca matriz parcela 85 do polígono 2 do catastro de rústica deste Concello, de 35.4237 m² nas seguintes parcelas, tal e como constan no proxecto de segregación que se xunta a esta solicitude:

Parcela segregada 1.- cunha superficie de 18.424 metros cadrados.

Parcela segregada 2.- cunha superficie de 17.013 metros cadrados.

Segunda.- Aprobar a liquidación da taxa pola licenza de segregación por importe de 100 euros.

5º.-Orde do 16 de novembro de 2015 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboracións coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2015.

Vista a Orde de referencia e tras breve deliberación.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de subvención para a prórroga da contratación de un axente de emprego e desenvolvemento local aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta convocatoria.

Segundo.- Facultar ampla e expresamente ó señor Alcalde-presidente para en nome e representación deste concello proceda a realizar cantas xestións sexan precisas en orde á mellor execución do acordado, así como a asinar cantos documentos sexan precisos a tales fins.

6.- Escritos varios.

6.1.- Escrito de D. Manuel Ferreiro Bande, solicitando unha prórroga para rematar as obras de “legalización e terminación dun alpendre para apeiros de xardín e horta”, en Reboredo Bande

Vista a solicitude de referencia na que se alegan determinadas causas que motivaron o retraso na execución das obras.

Visto que de conformidade coas previsións do artigo 18.2 derradeira liña, do decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia, a declaración de caducidade dunha licenza urbanística esixe forma expresa, e a tramitación de expediente contradictorio; resolución que non se ten adoptado, como tampouco se tramitou o correspondente expediente.

Con fundamento en canto antecede, a Xunta de Goberno Local no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015), por unanimidade, en votación ordinaria:

Estimar a solicitude formulada por don Manuel Ferreiro Bande, e en consecuencia autorizar unha prórroga da metade do prazo inicial concedido para a execución das obras de “legalización e terminación dun alpendre para apeiros de xardín e horta”, en Reboredo Bande, outorgada por acordo de Xunta de Goberno Local de 24 de outubro de 2015.

6.2.- Escrito de Marcos Novoa Datorre, en representación da mercantil Maderas Paco Cacharolo, S.L, solicitando unha tirada de madeira en Palacio-Trasliste.

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 6 de novembro de 2015, solicitou informe ao traballador Marcos Vázquez Marey sobre o estado da vía pública

Con data 18 de novembro de 2015 preséntase o informe do seguinte teor literal:

“INFORME SOBRE ESTADO DO CAMIÑO QUE CONDUCE AO MONTE NA PARROQUIA DE TRASLISTE.

MOTIVACIÓN: *por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Láncara, en sesión celebrada o día 6 de novembro de 2015, son oficiado para informar sobre o estado da vía pública empregada para extraer madeira da parcela nº 278 do polígono 12 (Concello de Láncara), na parroquia de Trasliste. Acepto o encargo e tras desprazarme ata o lugar o día 17 de novembro do ano en curso, ás 13:00 h., acompañado do funcionario municipal D. Jesús Núñez, e, en coñecemento do artigo 335 da Lei de enxuízamento civil, realizo o informe que segue.*

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO (Material e métodos)

a) Que se comproba toda a documentación gráfica e cartográfica obrante nestas oficinas, que é:

-Fotografías do PNOA.

- Cartografía catastral recente.
- Cartografía catastral antiga.
- Cartografía oficial da Xunta de Galicia a escala 1:5000.
- Cartografía do SIXPAC e SIGPAC.
- Cartografía do PXOM.

b) Que se comproba a documentación administrativa que puidera existir ao respecto do ben municipal afectado por este procedemento, que neste caso resulta ser a que segue:

-Proxecto técnico L1: “Pavimentación caminos rurais de Trasliste a Vilarello, pavimentación núcleos rurais de Supena, Ronfe y Laxes, pavimentación accesos núcleo rural de Barboa (Trasliste) y mejora del acceso a Ronfe en Puebla de San Julián”, que se executou no ano 2009 con cargo ao “Fondo de Inversión local” (coñecido como “Plan E” do ano 2008).

c) Que se toma reportaxe fotográfica coa cámara, propiedade do que informa, de marca Lumix e modelo DMC-LZ30, almacenándose no disco duro do sistema informático do Concello.

d) As medicións realízanse sobre as cartografías oficiais citadas, coas súas ferramentas de medición no caso das plataformas integradas (sixpac e sigpac), e co software informático de CAD Microstation, da casa Bentley no resto das cartografías.

SEGUNDO (Sobre a identificación do ben afectado)

Chegados ao lugar, identifícase con claridade que a madeira de pino da parcela 278 do polígono 12 (xa citada), foi retirada polo camiño cuxa referencia castastral é parcela 9023 do polígono 12 (coñecido polos veciños como camiño do Pousadoiro), transitando por toda a súa traza (que ten unha lonxitude de 1Km), e tamén polo camiño con parcela 9038 do polígono 12, nunha lonxitude de 200 m.

Urbanisticamente atópanse grafiados ambos no plano nº 2, do Tomo V, planos de ordenación, e, afectanlle dúas calificacións: nos primeiros 170 m., do camiño do Pousadoiro, “Solo rústico de protección agropecuaria” (SRPAG), e todo o resto “Solo rústico de protección forestal, produción” (SRPF/PD).

TERCEIRO (Sobre a identificación do punto de acopio)

O punto de acopio da madeira realizouse sobre o citado camiño do Pousadoiro e os seus laterais (pertencentes ao Monte de Trasliste, denominado “Lamagrande Chousas e Cotón”), no lugar coñecido como “O Llano”, que é unha planicie no punto de cota máis elevada do monte. Coincide este punto de acopio coa intersección entre o Camiño do Pousadoiro e o camiño con parcela 9026 do polígono 12 (entre este dous camiños, son unha importante vía de acceso entre as parroquias de Traliste e Vilarello, ambas do Concello de Láncara, sobre todo para atender ás necesidades do monte en materia de aproveitamento e prevención e defensa contra incendios forestais).

CUARTO (Sobre as inversións levadas a cabo nese ben)

No ano 2009, realizouse unha importante intervención no “Camiño do Pousadoiro”, con cargo ao Fondo de Inversión Local do ano 2008, dentro do proxecto denominado “L1: Pavimentación caminos rurais de Trasliste a Vilarello, pavimentación núcleos rurais de Supena, Ronfe y Laxes, pavimentación accesos núcleo rural de Barboa (Trasliste) y mejora del acceso a Ronfe en Puebla de San Julián”, que afectou, precisamente, ao tramo de camiño máis deteriorado por esta extracción, e que é o tramo do camiño que conduce desde o Lugar de Seoane de Arriba (Trasliste), ao punto de acopio realizado no citado lugar de “O Llano”, que son 475 m. Consistiu esta intervención, segundo o proxecto técnico e a certificación técnica obrantes no expediente, en:

- 500 m de refino de cunetas.

- 500 m de cuneta revestida de formigón.
- Colocación de tubería en tajea.
- 400 m³ zahorra natural para a plataforma.
- 8 m³ de formigón para pavimentar a confluencia do camiño coa estrada que conduce da parroquia de Vilaleo (Concello de Láncara) coa parroquia de Santalla do Alto (Concello de O Corgo), pasando por Trasliste.

Toda esta inversión valorada no capítulo 8 do presuposto do citado proxecto en 10.932,70 €.

Ademais, existe un Informe Técnico de final de período de garantía datado en novembro de 2010, que reflexa que nesa data a obra estaba en perfectas condicións tal e como fora proxectada.

QUINTO (Sobre a identificación da empresa que estaba sacando madeira)

Unha vez no lugar, comprobouse que se estaban realizando labores de carga dun camiión tipo trailer de gran tonelaxe, no lugar de acopio (O Llano). Identificámonos e preguntámos si eran conscientes do deterioro que se lle estaba facendo ao camiño por ter transitado por el en tempo de choiva coa maquinaria pesada, e, certamente, a persoa que actuou de interlocutora, amosou moi boa disposición a reparar os danos unha vez rematen a extracción da madeira.

INFORME:

INTRODUCCIÓN

Tras a visita realizada, compróbase que o camiño do Pousadoiro se atopa bastante deteriorado en varios puntos, sobre todo tendo en conta a inversión que se realizou nel fai relativamente pouco tempo e o seu uso. Este deterioro apréciase que foi realizado recentemente e por transitar en épocas de elevada pluviometría con vehículos de gran tonelaxe.

Concretamente, o deterioro é crítico nos seguintes puntos, que se apoian na reportaxe fotográfica xunta como anexo a este informe:

-Deposición de terra e resíduos procedentes da erosión provocada polo tránsito en época de choivas e destrución total das cunetas na intersección do camiño do Pousadoiro coa pista asfaltada que conduce de Vilaleo a Santalla, pasando por Trasliste (foto 1).

-Na curva de 90°, situada a 165 m. do punto de acceso ao camiño do Pousadoiro desde o lugar de Seoane de Arriba (Trasliste), o pavimento está moi deteriorado e as cunetas totalmente destruídas (foto 2).

-Na marxe esquerda, en dirección da aldea ao monte, lindando coa parcela 122 do polígono 12 (coñecida como Novo de D. Manuel), ao longo de uns 50 metros, deteriorouse moito a cuneta recuberta de formigón que se realizara no ano 2009, destruíndose completamente nas inmediacións da curva de 90° citada (fotos 3 e 4).

-A 280 m. da entrada do camiño en Seoane de Arriba (Trasliste), existe unha taxea transversal, que ten rota a súa tapa superior do extremo este; inda que este deterioro non pode atribuírse ás derradeiras extraccións de madeira, apréciase certo afundimento do camiño na zona atravesada polo entubado da taxea, polo que, inda que non se deu comprobado visualmente si estaba roto o entubado, debería comprobar o estado do mesmo con ferramenta axeitada, posto que si está roto, sería atribuíble tamén ao tránsito de vehículos de gran tonelaxe en épocas de elevada pluviometría (foto 5).

-No lugar coñecido como "Llano", descrito xa como "punto de acopio" neste informe, si que se produciron desperfectos que incluso imposibilitan o tránsito de vehículos que non sexan tractores agrícolas ou todo terreo, posto que se deteriorou o

firme ata tal punto que chegou a desaparecer. A superficie afectada por este deterioro total é cercano aos 1000 m² (fotos 6 e 7).

-O resto deste camiño e os 200 metros de camiño parcela 9038 do polígono 12, son camiños de terra (rodeiras), que, no momento da visita atopábanse planificados pola ferramenta Bulldozer que ten o tractor-autocargador da empresa que retirou a madeira, polo tanto, en condicións óptimas para o uso ou similares á situación previa á extracción, posto que non se aprecia que tiveran capa de rodadura previa.

CONCLUSIÓNS:

*Tanto na **Lei de montes de Galicia (7/2012 de 28 de junio)** coma a **Lei de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (3/2007 do 9 de abril)**, do seu corpo e articulado, dedúcese a importancia que se lle debe prestar á **“multifuncionalidade do monte”**, potenciando o seu aproveitamento silvícola, silvopastoral e forestal, así coma a conservación de infraestruturas que permitan estes usos, e tamén, a defensa, prevención e extinción de incendios forestais. Polo tanto, hai que entender en primeiro lugar que a madeira de aproveitamentos forestais procedente tanto de aproveitamentos privados, comunitarios, ou públicos é un uso aconsellable, e que, indubidablemente, para comercializar estes produtos se necesita de tránsito por vías públicas. Neste caso concreto, ademais, o uso da parcela privada 278 do polígono 12, forestal, é admisible pola lexislación urbanística vixente, o **PXOM do Concello de Láncara, aprobado en febreiro de 2013**. Agora ben, **o uso de infraestruturas debe realizarse conforme ás limitacións das súas características técnicas**, e, as características técnicas da infraestrutura que se deteriorou, inda que neste caso se atopaban moi ben adaptadas ao uso, non son axeitadas para circular con vehículos de gran tonelaxe (camións de 20 Tm de PMA) cando a pluviometría é elevada, posto que, ademais de deterioralas tal e como se pode apreciar, resulta netamente perigoso, e neste caso máis ao tratarse dun camiño con elevada pendente lonxitudinal (superior ao 10%).*

Polo tanto, para que o camiño cumpra coas súas funcións, e para o que no ano 2009 o Concello de Láncara investiu 10.932,70 €, deberíanse realizar por parte de quen realizou un uso inaxeitado do camiño as seguintes accións:

-Limpieza de deposicións de terra e residuos procedentes da erosión provocada polo tránsito en época de choivas así coma reposición total das cunetas na intersección do camiño do Pousadoiro coa pista asfaltada que conduce de Vilaleo a Santalla, pasando por Trasliste.

-Na curva de 90º, situada a 165 m. do punto de acceso ao camiño do Pousadoiro desde o lugar de Seoane de Arriba (Trasliste), reposición do pavimento e das cunetas.

-Na marxe esquerda, en dirección da aldea ao monte, lindando coa parcela 122 do polígono 12 (coñecida como Novo de D. Manuel), ao longo de uns 50 metros, reposición da cuneta recuberta de formigón que se realizara no ano 2009 así coma reposición do firme con zorra nas fochancas que se aprecian neste tramo.

-A 280 m. da entrada do camiño en Seoane de Arriba (Trasliste), existe unha taxea transversal, que ten rota a súa tapa superior do extremo este; inda que este deterioro non pode atribuírse ás derradeiras extraccións de madeira, apréciase certo afundimento do camiño na zona atravesada polo entubado da taxea, polo que, debería comprobarse si a taxea está rota ou non, e no caso de que estea repoñela.

-No lugar coñecido como “Llano”, descrito xa como “punto de acopio” neste informe, reposición total do camiño e o seu entorno nus 1000 m², posto que se atopa totalmente destragado e intransitable”.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Asumir o informe redactado polo traballador do Concello, don Marcos Vázquez Marey, tras a visita de inspección realizada o día 17 de novembro de 2015, dando traslado o seu contido a Marcos Novoa Latorre, representante da mercantil Maderas Paco Cacharolo, SL para o seu coñecemento ó obxecto de xirar visita de comprobación unha vez terminen as labores de tala e extracción da madeira e comprobar o estado do dominio público municipal.

6.3.- Escrito de Manuel Gómez López, sobre uso público dos camiños: “de Leirado a Vilela de Arriba” parcelas catastrales 27026A008091160000ZP e 27026A008090900000ZL e “camiño dos Regos” parcela catastral 27026A008091110000ZA, interesando informe técnico municipal reativo ás características propias de camiño público

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Requirir informe da arquitecta asesora municipal sobre as características das parcelas catastrais 27026A008091160000ZP, 27026A008090900000ZL e 27026A008091110000ZA, e sobre a concurrencia de antecedentes e presupostos necesarios do exercicio da potestade de investigación.

6.4.- Escrito de Mónica Fernández Arias, solicitando a inscrición no rexistro municipal de animais de compañía da cadela “Pitufa”.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Autorizar a inscrición da cadela “Pitufa”, raza mestiza, código de identificación 941000017443621, na Sección local do rexistro de animais de compañía regulada no artigo 13 da ordenanza municipal (BOP Lugo 21/1/2015).

Segundo.- Aprobar a liquidación da taxa por inscrición na Sección local de animais de compañía por importe de 8 euros.

6.5.- Escrito de Celestino Rodríguez González, solicitando a baixa da auga do local destinado a café-bar, sito en Veiga de Outeiro Nº 10.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Autorizar a baixa no servizo de abastecemento de auga potable do inmovible coñecido como Café bar “Pelaez”, situado en Lg Veiga de Outeiro, 10, Láncara (Lugo) por cese de actividade con efectos 19/11/2015.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ó funcionario encargado do servizo para que proceda ó precinto de contadores e practique as correccións oportunas no padrón da taxa polo servizo de abastecemento de auga.

7º.- Reclamación sinistro en San Xoan de Muro, a Globalis Grupo Mutua Madrileña.

O señor alcalde fai un recordatorio ós membros da xunta de goberno local sobre a situación do expediente:

Antecedentes.-

Primeiro.- Con data 3 de marzo de 2015, o camión modelo Mercedes Benz 1824L, matrícula 2977 GBK propiedade da mercantil Gestora de Subproductos de Galicia, SL, con domicilio en Lg de Areosa, s/n- Queixas, 15186 Cerceda (A Coruña), causa danos no tendido eléctrico na parroquia de San Xoan de Muro, p.k. 5800 da estrada A Pobra de San Xiao-Carracedo, deste Concello de Láncara.

Segundo.- Varias testemuñas do lugar aseguran que foi o citado vehículo, ó circular coa pluma levantada, o que causa os danos no tendido eléctrico.

Terceiro.- Consta no expediente una dilixencia da Garda Civil, posto de A Pobra de San Xiao, identificando o vehículo e condutor responsable dos danos en sinistro de San Xoan de Muro. O condutor do vehículo reconece a súa responsabilidade nos danos sufridos no tendido eléctrico municipal.

Cuarto.- A correduría de seguros Cotes, SA, tramitadora do seguro do vehículo responsable do sinistro, confirma que dan parte do sinistro a Globalis, Grupo Mutua Madrileña, número de póliza E-1781/15 6188063, e que pasan o presuposto da reparación do sinistro por coreo electrónico con data 7 de abril de 2015. O nº de expediente do sinistro 6.014.635/2015 RC. Non hai noticias de Globalis Mutua Madrileña aceptando nin rexeitando o presuposto presentado para reparar os danos, nin consta peritación dos danos por parte dos técnicos da compañía.

Quinto.- Con data 15 de setembro de 2015 recíbese comunicación de Globalis, grupo Mutua Madrileña, solicitando un compás de espera para resolver a reclamación polo sinistro de referencia.

Sexto.- No mes de novembro de 2015, ten entrada no rexistro de facturas do concello factura emitida por Luis Ignacio López López, por importe de 9.871,16 euros.

Sétimo.- O día 9 de novembro, a secretaria interventora do Concello interésase polo estado do expediente 6.014.635/2015 RC chamando a Globalis, Grupo Mutua Madrileña, que quedan en enviar no prazo máximo de 72 horas un modelo de folla de reclamación para o pase do expediente ós servizos xurídicos da compañía. A día de hoxe non se ten recibido nada no correo electrónico de Concello.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Requirir a GLOBALIS, GRUPO MUTUA MADRILEÑA, con CIF A-85669604, para que reintegre a este Concello o importe satisfeito pola reparación dos danos causados no tendido eléctrico municipal na parroquia de San Xoan de Muro, p.k. 5800 da estrada A Pobra de San Xiao-Carracedo, deste Concello de Láncara, con data 3 de marzo de 2015, polo camión modelo Mercedes Benz 1824L, matrícula 2977 GBK propiedade da mercantil Gestora de Subproductos de Galicia, SL, con domicilio en Lg de Areosa, s/n- Queixas, 15186 Cerceda (A Coruña), vehículo asegurado nesa compañía co número de póliza E-1781/15 6188063, dando así por resolto o sinistro 6.014.635/2015 RC amosando a conformidade á reclamación presentada. O dito importe ascende a 9.871,16 euros.

Segundo.- Deixar constancia expresa de que GLOBALIS MUTUA MADRILEÑA, coñece o presuposto de reparación dos danos dende o mes de abril de 2015 sen que teñan amosado a súa disconformidade nin presentado peritaxe alternativo, polo que o Concello, dado o tempo transcorrido, decide ordear os traballos de reparación e sufragalos, xa que unha parroquia deste Concello non pode estar sen luz indefinidamente perante a falta de dilixencia dunha compañía aseguradora.

Terceiro.- Comunicar a GLOBALIS MUTUA MADRILEÑA, que dispón dun prazo de dez días a fin de que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

Transcorrido este prazo sen ter constancia de alegacións nin do pago do importe reclamado, dárase traslado ó gabinete xurídico da Deputación Provincial de Lugo para que interpoña a correspondente reclamación xudicial.

8º.- Informe da Traballadora Social, sobre altas padrón do SAF.

A Traballadora Social do Concello presenta informe do seguinte teor literal:

“María Teresa López Pernas, Traballadora Social do Concello de Láncara
INFORMA:

Que actualmente hai unha dispoñibilidade de 108 horas ao mes do servizo de axuda no fogar polo sistema da dependencia.

55 horas por falecemento dunha usuaria

08 horas que eran prestadas en domingo por renuncia dunha usuaria

45 horas por renuncia dunha usuaria ao superar os dous meses regulamentarios de ausencia do domicilio e non ter intención de regresar durante os meses de inverno.

As 108 horas van ser distribuídas entre 4 usuarios que están en lista de espera por orden de puntuación:

Nº expte SIUSS 2702601000696-02: Un incremento de 25 horas ao mes (beneficiario de 45 horas e con dereito a 70 horas).

Nº expte SIUSS 2702601000574-04: Un incremento de 31 horas ao mes (beneficiario de 39 horas e con dereito a 70 horas).

Nº expte SIUSS 2702601000166-03: Concesión de 35 horas ao mes (ten dereito entre 21/45 horas ao mes)

Nº expte SIUSS 2702601000199-05: Concesión de 17 horas ao mes (ten dereito entre 21/45 horas ao mes)

Para poder atender a ditos usuarios precísase realizar unha reestruturación nas carteleiras de traballo das auxiliares do servizo de axuda no fogar e o incremento de xornada laboral a dúas delas:

- Fe Castaño Fernández: De 30 horas a 33:30 horas/semanais.

- Lucía Varela Pérez: De 34:45 a 38:45 horas/semanais.

INCREMENTO: Un total de 7:30 horas semanais.

Que as modificacións e altas novas sexan con efecto do 01 de decembro de 2015”.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación á proposta formulada pola traballadora social autorizando a ampliación das seguintes xornadas laborais

- Fe Castaño Fernández; de 30 horas a 33:30 horas/semanais

- Lucía Varela Pérez; de 34:45 a 38:45 horas/semanais.

Segundo.- Dando traslado ó departamento de laboral para cumprir o acordado con efectos de 1 de decembro de 2015.

9º.- Contratos menores.

9.1.- Contrato menor para mantemento de alumado público de Láncara, prazo máximo de seis meses.

Vista a proposta da Alcaldía para a adxudicación do contrato de referencia coa que se achegan ofertas de Efigal Norte, Luis Ignacio López López e Electro Sarria, consonte ás condicións fixadas por acordo desta xunta de goberno local en sesión realizada o día 6 de outubro de 2015.

Consta no expediente invitacións enviadas a Trialec materiais Eléctricos, Efigal Norte, Electro Vir, Electro Sarria, Electricidad Nacho, Carlos Rodríguez González, ademais de estar a disposición dende o 30 de outubro na páxina web do concello, por si calquera empresa capacitada estivera interesada en presentar unha oferta.

Do exame das ofertas presentadas resulta:

Oferta nº 1.- Efigal Norte, Soluciones enerxéticas, cunha cuota mensual de 713,50 € +IVE, están cubertas tódalas actuacións preventivas, a asesoría, os informes, a dispoñibilidade, a realización de presupostos e estudos, os trámites e informes coas compañías de seguros e veciños.

En caso de reparación, a empresa cobrará o material aportado ao prezo de compra cun incremento do 10% para cumprir coas obrigas tributarias, isto demostrárase mediante a entrega das facturas de compra, que o concello esixa.

O prezo da man de obra será de 26 € +IVE en caso de non necesitar carroceta elevadóra, e de 42 €+IVE, en caso de necesitar carroceta elevadora.

O Concello recibirá un presuposto antes da realización de calquer reparación non urxente, e poderá pedir outros presupostos ás empresas que vexa oportuno.

Oferta nº 2.- Luis Ignacio López López, coas seguintes condicións:

Prezo: 699,48 € máis IVE mensuais.

Frecuencia.- Cables caídos, cables rotos, postes rotos, alumeados encendidos todo o día e alumeados que non encendan, prioridade máxima de atención en 24 horas.

Farolas que non funcionan procederá a súa reparación en 72 horas máximo, sempre e cando as condicións atmosféricas o permitan.

Oferta nº 3.- Electro Sarria instalaciones eléctricas, SLL:

Prezo sen IVE 635,13 € máis IVE mensual

Frecuencia do servizo de avarías: Máximo 24 horas.

A valoración das ofertas resulta a que segue:

Licitador	Prezo	Mayor frecuencia	Total
Efigal Norte	8,90	5	13,90
Luis Ignacio López López	9,08	5	14,08
Electro Sarria	10	5	15

Polo exposto, A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

A adxudicación do contrato de servizos “**Mantemento de alumeado público de Láncara**” a Electro Sarria, SLL por importe de 635,13 euros mensuais máis IVE e servizo de avarías e atención no prazo máximo de 24 horas, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa de todas as presentadas.

9.2.- Contrato menor para xestión de cobro de recibos domiciliados.

Vista a proposta da Alcaldía para a adxudicación do contrato de referencia coa que se achegan ofertas de Caixa Rural Galega e Abanca.

— Oferta económica de Caixa Rural Galega: prezo por xestión de cobro 0,15 euros; prezo por gastos de devolución 0,25 % do importe do recibo mínimo de 0,60 euros; envío de correo ó aboadado sen custo.

— Oferta económica de Abanca: comisión xestión de cobro sin notificación de adeudo 0,13 € fixos por recibo+ IVE; comisión xestión de cobro con notificación de adeudo 0,26 € fixo por recibo + IVE; correo 0,00 euros e gastos de comisión por devolución 0,50 € fixos por recibo + IVE.

Tendo en conta que para cada remesa de padrón de auga lixo e rede de sumidoiros de máis de dous mil aboados, a mellor oferta económica presentada por Abanca supón un aforro duns 40 euros de media, e que oferta unha cantidade fixa por

gastos de devolución, polo que da cumprimento ó establecido na normativa de contratos do sector público de ter os contratos un prezo certo e determinado.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Adxudicar o contrato de xestión de cobro de recibos á entidade bancaria Abanca nas seguintes condicións e prezos:

- Xestión de cobro de recibo sen notificación de adeudo: 0,13 euros máis IVE
- Correo: 0,00 euros.
- Gastos de devolución de recibos: 0,50 euros fixos máis IVE.

9.3.- Contrato menor de servizos para a realización do Plan de vixancia e control ambiental do selado do vertedoiro de Láncara.

Vista a oferta económica presentada por Iván Taboada Prego para a realización do servizo epigraado polos seguintes conceptos con frecuencia semestral:

- Informe, 238 euros máis IVE
- Parámetros de vertido, 383,87 euros máis IVE
- Análise composición biogás, 490 euros máis IVE

Visto que de conformidade con canto se establece polo artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o presente contrato pode cualificarse de contrato menor de servizos.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Adxudicar o contrato menor de servizos para control ambiental do vertedoiro durante o exercicio 2016 a Iván Taboada Prego por un prezo de 1111,87, máis IVE, por ser a oferta economicamente máis vantaxosas de todas as consultadas, autorizando e dispoñendo o correspondente gasto.

10º.-Proposta da Alcaldía sobre amortización anticipada de débeda.

Logo de autorizar o pleno do Concello o expediente de modificación de créditos, modalidade suplemento de crédito, habilitando un crédito de 25.000 euros para amortización anticipada de débeda

Vista a proposta de alcaldía e en cumprimento da normativa reguladora de estabilidade orzamentaria e redución do déficit público

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Amortizar anticipadamente as cotas do crédito asinado coa entidade Banco Cooperativo Español por importe de 25.000 euros en concepto de principal, interesando de dita entidade o correspondente xustificante da operación.

11º.-Recoñecemento de obrigas por gastos autorizados e dispostos.

11.1.-Siemens Rent, fac. nº 53140093521990, cuota aluger de 29-11 a 29-12 2015, 362,92 €.

11.2.-Sistema de Oficina Lugo (Canon), fac. nº 1506061, ampliación garantía impresora Xulgado 358,06 €

11.3.-Efigal Norte SL, fac. nº 2015-087EF, 7º pago iluminación pública en Villaesteva 127,56 €.

11.4.-Efigal Norte SL, fac. nº 2015-086EF, 18º pago iluminación pública Campo da Feira 119,74 €.

11.5.-Limpergal SL, fac. nº 42464/2015, pago limpeza dependencias municipais mes de outubro 845,43 €

11.6.-Setramur SL, fac. nº 002006, pago colocación balizamentos en S. Pedro 1.034,79 €.

11.7.-Mafre familiar SA, fac. nº 201511097 pago póliza mes de novembro 596,82 €

11.8.-Limpergal SL, fac. nº 0991/2015, recollida lixo novembro 4.884,92 €

11.9.- Airis Technology Solutions SL, fac. nº 3354, puntos de luz Campo da Feira, 333,96€.

11.10.-El Progreso, fac. nº 3-37000, periódicos concelleiros mes de outubro, 281,79 €.

11.11.-Radio Popular, S.A (Cope Lugo), fac. nº 028-02-00787, cuñas outubro 151,25 €.

11.12.-Luis Ignacio López López, fac. nº reparación sinistro en San Juan de Muro ocasionado por un cameón 9.871,16 €

11.13.-Servital Servicios Sociosanitarios, SL, fac. nº 4908/2015, servizo de dependencia mes de outubro 355,01 €.

11.14.-Sociedade Galega do Medio Ambiente S.A., fac. nº 2017/2830, tratamento lixo outubro, 6.687,77 €

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Recoñecer as obrigas que se liquidan polos importes cifrados a favor dos respectivos acredores.

12.-Recoñecemento de obrigas con simultánea autorización e disposición do gastos.

12.1.-Setramur SL, fac. nº 002007, 4 espellos policarbonato exterior e 3 postes galvanizados, 416,24 €

12.2.-Mª Carmen López López, fac. nº 27, materiais tellares de manualidades escolas deportivas, 87,75 €

12.3.-Manuel Rodríguez Yáñez, fac. nº 15/2015, portes material obras de Santa María Alta a Traslite, 762,30 €

12.4.-Mafre Vida S.A, fac. nº 201511234, póliza accidentes colectivos actividades nenos 0-3 anos, 41,54 €

12.5.-Talleres Churrillo S.L., fac. nº F15 0001683, reparación desbrozadora 1705,81 €.

12.6.-Efigal Norte SL, fac. nº 2015-085EF, reparación cadro de Láncara, 533,61 €.

12.7.-Oliva Rodríguez Pontón, FAC. Nº h-0363480, gasolina para corta céspede, 127,60 €

12.8.-Construcciones Ayán Láncara S.L., fac. nº 9, limpeza cunetas camiño Veiga de Outeiro a Carracedo, 1.664,96 €.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Recoñecer as obrigas que se liquidan a favor dos respectivos acredores e simultaneamente, autorizar e dispoñer os correspondentes gastos.

13º.-Asuntos de urxencia.

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión por orde do Sr. Alcalde, sendo as vinte horas, extendéndose a presente acta que como Secretaria, certifico.